

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (FAGAL), PARA O FINANCIAMENTO DOS PROGRAMAS DE ATENCIÓN DIRIXIDOS A FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER RESIDENTES EN GALICIA E MANTEMENTO DA FEDERACIÓN PARA O EXERCICIO 2023

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar coa **Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias (FAGAL)** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2023. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase FAGAL dende o 1 de xaneiro de 2023 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega desta Consellería.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Xuventude do mantemento da federación e dos programas de atención dirixidos a familiares de enfermos de Alzheimer residentes en Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 36 a) e 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, FAGAL aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2023 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Así mesmo, as actuacións obxecto dos programas subvencionados a través deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, segundo o previsto no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 124/2022, de 23 de xuño, concretamente no seu artigo 24, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

Antonio Acevedo Prado

